



Actualizado a: 05/02/2019

Se aprueba la convocatoria del III premio provincial a la mejor iniciativa empresarial, anualidad 2019. (PEL-EPR PREMIO) incluido dentro del Plan de Empleo Local (2016-2019)

**Destinatarios:** Pequeñas y medianas empresas y microempresas, emprendedores y autónomos con domicilio fiscal o centro de trabajo en la provincia de A Coruña

### Información de interés

<b>Ámbito geográfico:</b>	A Coruña
<b>Organismo:</b>	Diputación Provincial de Coruña
<b>Administración:</b>	Administración Local
<b>Plazo(s) de solicitud:</b>	28/02/2019
<b>Notas solicitud:</b>	Hasta el 28 de febrero de 2019 a las 14:00 horas
<b>Tipo:</b>	Premio
<b>Importe:</b>	75.000,00€
<b>Notas:</b>	Crédito 2019: 75.000 euros. Cuantía de 15.000 euros por cada categoría
<b>CEE:</b>	En el marco del Reglamento (UE) 1407/2013 de la Comisión, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 de ayudas de minimis
<b>Enlaces:</b>	<a href="https://emplego.dacoruna.gal/">https://emplego.dacoruna.gal/</a>

### Referencias de la publicación

- Resolución 2019/1819. Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña número 25 de 5 de febrero de 2019. (Extracto-Convocatoria)
- Resolución 2019/1453. Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña número 13 de 18 de enero de 2019. (Bases reguladoras)

Sectores	Subsectores	Descriptoros
Empresas en general	Empleo	Creación de empleo Creación de empresas Emprendedores

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### *Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Extracto de la Resolución número 2019/1819 de 18 de enero, de la Presidencia de la Diputación de A Coruña, por la que se aprueba la convocatoria del III Premio provincial a la mejor iniciativa empresarial, anualidad 2019, modificada por las Resoluciones número 2019/2605 de 23 de enero y número 2019/2840 de 28 de enero, de la Presidencia de la Diputación de A Coruña

BDNS(Identif.):437162

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del III Premio provincial a la mejor iniciativa empresarial, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### **Primero.-Beneficiarios.**

Pequeñas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as que tengan domicilio fiscal y social en algún municipio de la provincia de A Coruña y ejercicio económico continuado en la actividad empresarial.

Ayuntamientos de menos 20.000 habitantes de la provincia de A Coruña.

- Asociaciones empresariales que tengan domicilio fiscal y social en la provincia de A Coruña y cuenten, como mínimo, con 25 asociados.

##### **Segundo.-Objeto.**

La finalidad de esta convocatoria consiste en premiar las iniciativas y el trabajo realizado por las empresas, asociaciones empresariales y ayuntamientos, fomentando su imagen positiva y realzando su papel fundamental como generadores/as de riqueza y empleo, contribuyendo a su sostenibilidad y fomentando la cultura emprendedora en la provincia.

##### **Tercero.-Bases reguladoras.**

La presente convocatoria se rige por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 13 de 18/01/2019, disponibles en:

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019\\_0000000361.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019_0000000361.pdf)

##### **Cuarto.-Cuantía.**

El importe de la consignación prevista asciende a un total 75.000,00 € con cargo a la partida 0510/24100/22799 del presupuesto ordinario de la Diputación Provincial de A Coruña para 2019, por lo que para cada categoría se establece un premio en metálico por un importe bruto de 15.000 €.

Sobre estas cuantías se realizarán las retenciones correspondientes del ordenamiento tributario regulador del IRPF y del Impuesto de Sociedades.

##### **Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.**

El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14.00 horas del 28 de febrero de 2019.

##### **Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dicoruna.es/>.

A Coruña

18/1/2019

El Presidente de la Diputación Provincial de A Coruña, Valentín González Formoso

Extracto da Resolución número 2019/1819 de 18 de xaneiro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial, anualidade 2019, modificada polas Resolucións número 2019/2605 de 23 de xaneiro e número 2019/2840 de 28 de xaneiro, da Presidencia da Deputación da Coruña

BDNS(Identif.):437162

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

**Primero.-Beneficiarios.**

Pequenas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as que teñan domicilio fiscal e social nalgún municipio da provincia da Coruña e exercicio económico continuado na actividade empresarial.

Concellos de menos 20.000 habitantes da provincia da Coruña.

- Asociacións empresariais que teñan domicilio fiscal e social na provincia da Coruña e contén, como mínimo, con 25 asociados.

**Segundo.-Obxecto.**

A finalidade desta convocatoria consiste en premiar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, asociacións empresariais e concellos, fomentando a súa imaxe positiva e realizando o seu papel fundamental como xeradores/as de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sustentabilidade e fomentando a cultura emprendedora na provincia.

**Terceiro.-Bases reguladoras.**

A presente convocatoria ríxese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 13 de 18/01/2019, dispoñibles en: [http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019\\_0000000361.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019_0000000361.pdf)

**Cuarto.-Contía.**

O importe da consignación prevista ascende a un total 75.000,00 € con cargo á partida 0510/24100/22799 do Orzamento ordinario da Deputación Provincial da Coruña para 2019, polo que para cada categoría establécese un premio en metálico por un importe bruto de 15.000 €.

Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamiento tributario regulador do IRPF e do Imposto de Sociedades.

**Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de solicitude iníciase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e finalizará ás 14.00 horas do 28 de febreiro de 2019.

**Sexto.-Outros datos de interese.**


Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dicoruna.es/>.

A Coruña

18/1/2019

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Valentín González Formoso

2019/732



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO III PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL, ANUALIDADE 2019

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante Resolución desta Presidencia número 2019/1453, de data 16/01/2019, aprobáronse as bases reguladoras do III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial, anualidade 2019,

### RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do “III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial” para a anualidade 2019 cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante a Resolución de Presidencia nº 2019/1453 de data 16/01/2019.

2º. O Premio rexerá polas ditas Bases reguladoras, publicadas no BOP núm. 13 de 18/01/2019, dispoñibles en

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019\\_0000000361.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019_0000000361.pdf)

3º. O prazo de solicitude iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo á presente resolución, e finalizará ás 14:00 horas do día 14 de febreiro de 2019, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/acceso/login>

4º. Notificar a presente resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, a súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.

## **ANEXO**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de ayudas a la consolidación y fortalecimiento del tejido empresarial en los ayuntamientos de la provincia de A Coruña a través del apoyo a la inversión en bienes inventariables, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

### **Primero. Beneficiarios**

- Pequeñas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as que tengan domicilio fiscal y social en algún municipio de la provincia de A Coruña y ejercicio económico continuado en la actividad empresarial.

- Ayuntamientos de menos 20.000 habitantes de la provincia de A Coruña.

-Asociaciones empresariales que tengan domicilio fiscal y social en la provincia de A Coruña y cuenten, como mínimo, con 25 asociados.

### **Segundo. Objeto**

La finalidad de esta convocatoria consiste en premiar las iniciativas y el trabajo realizado por las empresas, asociaciones empresariales y ayuntamientos, fomentando su imagen positiva y realizando su papel fundamental como generadores/as de riqueza y empleo, contribuyendo a su sostenibilidad y fomentando la cultura emprendedora en la provincia.

### **Tercero. Bases reguladoras**

La presente convocatoria se rige por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 13 de 18/01/2019, disponibles en

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019\\_0000000361.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/01/18/2019_0000000361.pdf)

### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación prevista asciende a un total 75.000,00€ con cargo a la partida 0510/24100/22799 del Presupuesto ordinario de la Diputación Provincial de A Coruña para 2019, por lo que para cada categoría se establece un premio en metálico por un importe bruto de 15.000 euros.

Sobre estas cuantías se realizarán las retenciones correspondientes del ordenamiento tributario regulador del IRPF y del Impuesto de Sociedades.

### **Quinto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del 14 de febrero de 2019.

### **Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dicoruna.es/>.

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

*Bases reguladoras do III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial (PEL-EPT Premio)*

#### ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia n.º 2019/1453 aprobáronse as bases reguladoras do III Premio provincial á mellor iniciativa empresarial (PEL-EPR PREMIO), incluído dentro do Plan de Emprego Local (2016-2019), que se transcriben de seguido:

#### BASES REGULADORAS DO III PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL (PEL-EPR PREMIO)

##### 1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

###### Denominación

As presentes bases teñen por obxecto regular o III Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial enmarcado na Liña 2 PEL-EMPRENDE: Incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, elaborado ao amparo do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, ampliando as competencias provinciais no ámbito da planificación ao establecer que son competencias propias das Deputacións que lles atribúan neste concepto, as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste eido.

###### Financiamento

O Premio financiarase con cargo ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2019 na aplicación orzamentaria 0510/24100/22799.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada ao Premio convocado para a o exercicio 2019 é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0510/24100/22799	75.000,00 €

###### Liñas xerais da tramitación

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, así como os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución pola que se aproba a concesión do III Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da indicada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

##### 2. OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes bases teñen como obxecto regular a terceira edición do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, como recoñecemento ao esforzo e implicación das empresas, das asociacións empresariais e os concellos da provincia

no desenvolvemento económico, na creación de emprego e riqueza, así como a súa contribución á fixación de poboación no territorio.

A súa finalidade consiste en premiar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, asociacións empresariais e concellos, fomentando a súa imaxe positiva e realizando o seu papel fundamental como xeradores/as de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sustentabilidade e fomentando a cultura emprendedora na provincia.

Así mesmo, o presente premio tamén pretende aportar un valor engadido ás empresas mediante a súa concesión, facilitándolles soporte e respaldo para transformar ideas actuais en emprego de calidade e contribuíndo a dinamizar novos proxectos.

### 3. CATEGORÍAS E IMPORTES.

Establécense cinco categorías de premio excluíntes entre si, polo que cada participante poderá presentar a súa candidatura a unha única categoría das que se regulan a continuación:

**1.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial nova**, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as cuxa data de constitución (inscrición no rexistro público correspondente) e data de alta censual teñan una antigüidade máxima dun ano. O cómputo realizarase tendo en conta os períodos que abranguen desde a data do primeiro rexistro e da data de alta na actividade económica máis antiga que figure no Certificado de Situación Censual da AEAT ata a data de publicación da convocatoria no BOP

Nesta categoría valoraranse aspectos como a orixinalidade do proxecto empresarial, a súa capacidade de expansión, así como o seu carácter innovador e a creación de emprego no territorio, entre outros.

**2.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial consolidada**, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as cuxa data de constitución (inscrición no rexistro público correspondente) e data de alta censual teñan una antigüidade mínima de 5 anos. O cómputo realizarase tendo en conta os períodos que abranguen desde a data do primeiro rexistro e da data de alta na actividade económica máis antiga que figure no Certificado de Situación Censual da AEAT ata a data de publicación da convocatoria no BOP

Nesta categoría valoraranse aspectos como a traxectoria empresarial, postos de traballo creados, presenza feminina na empresa, sistemas de responsabilidade social implantados, entre outros.

**3.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial xeradora de emprego**, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que contribúan á creación de emprego e, consecuentemente, ao desenvolvemento socioeconómico e a fixación da poboación.

Nesta categoría valoraranse aspectos como o incremento no número de empregados/as, o incremento no número de empregados/as con contrato indefinido, as medidas sociolaborais de RSE implantadas pola empresa, entre outros.

**4.ª CATEGORÍA.–Premio ao concello promotor do emprego de calidade**, para concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia que impulsen a iniciativa empresarial e o emprendemento, promovan a xeración de emprego de calidade e contribúan á fixación da poboación.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a xeración de emprego, a inclusión de colectivos en risco de exclusión social, o fomento do traballo colaborativo e a poboación do municipio, entre outros.

**5.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor asociación empresarial**, para asociacións, agrupacións, federacións e confederacións de empresarios/as da provincia da Coruña.

Nesta categoría valoraranse aspectos como os servizos ofertados pola asociación, as actividades e proxectos postos en marcha pola mesma, os logros acadados, entre outros.

O orzamento total destinado a sufragar o Premio ascende a 75.000 euros con cargo a fondos propios da Deputación da A Coruña, polo que para cada categoría establécese un premio en metálico por un importe bruto de 15.000 euros. Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do IRPF e do Imposto de Sociedades.

### 4. CANDIDATOS/AS.

O Premio vai dirixido a pequenas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as, asociacións empresariais e concellos de menos 20.000 habitantes da provincia da Coruña que cumpran os requisitos que se especifican a continuación:

#### Requisitos que deben cumprir as pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as

- Ter o domicilio fiscal e social nun municipio da provincia da Coruña.
- Ter exercicio económico continuado na actividade empresarial durante o período de tempo establecido na categoría á cal se presenta a candidatura ou, non caso de non especificarse, desde a data de publicación da convocatoria.

- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación da Coruña desde a data de publicación da convocatoria no BOP
- Non ter concedidas ou solicitadas axudas por importe superior ao límite establecido polo réxime de minimis (Regulamento (CE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro), para o sector profesional no que desenvolve a actividade económica a entidade, nesta anualidade e nas dúas anteriores (2019, 2018 e 2017).
- Non estar nin ter estado incurso en expedientes de regulación de emprego, regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP
- No caso de persoas físicas, estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional con data anterior á data de publicación da convocatoria e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría.
- No caso de persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil ou rexistro público correspondente con data anterior á data de publicación da convocatoria e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría.

#### Requisitos que deben cumprir os concellos

- Ter domicilio fiscal na provincia da Coruña.
- Ter unha poboación inferior aos 20.000 habitantes (poboación oficial do concello segundo os datos do Instituto Galego de Estatística a data 01/01/2018).
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación da Coruña desde a data de publicación da convocatoria no BOP
- Non estar nin ter estado incurso en expedientes de regulación de emprego, regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.

#### Requisitos que deben cumprir as asociacións empresariais

- Ter domicilio fiscal e social na provincia da Coruña.
- Estar legalmente constituída con anterioridade á data de publicación da convocatoria no BOP
- Ter un número mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data de publicación da convocatoria no BOP
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación da Coruña desde a data de publicación da convocatoria no BOP
- Non estar nin ter estado incurso en expedientes de regulación de emprego, regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP

#### Exclusións xerais

Non poderán ser entidades candidatas a este Premio, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado carentes de personalidade xurídica propia. Tampouco poderán ser candidatas a este Premio as sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas, nin os autónomos colaboradores.

Así mesmo, non se admitirán candidaturas presentadas por empresas gañadoras de edicións anteriores do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial.

#### Exclusións específicas para as categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup>

Adicionalmente, nas categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup>, dirixidas a pemes, microempresas e empresarios/as individuais, non poderán ser candidatas nin as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, nin as asociacións.

#### 5. COMPATIBILIDADE DO PREMIO.

O premio é compatible coas axudas concedidas ao abeiro do Plan de Emprego Local.

O galardón establecido nestas bases queda sometido ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).

- A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.



- Cando se trate dunha empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas de minimis concedidas non excederá de 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas pódanse utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.
- Cando se trate dunha empresa do sector agrícola, a axuda total de minimis concedida non excederá de 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.
- Cando se trate dunha empresa do sector da pesca e a acuicultura, a axuda total de minimis concedida non excederá de 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

As entidades gañadoras deste premio deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis nos tres últimos anos mediante a presentación do Anexo VI debidamente cumprimentado.

## 6. DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZOS.

### Fase de presentación de candidaturas

Para a participación na convocatoria en calquera das cinco categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

Pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as	Concellos	Asociacións empresariais
Memoria de candidatura: - ANEXO I para as candidaturas á 1.ª categoría - ANEXO II para as candidaturas á 2.ª categoría - ANEXO III para as candidaturas á 3.ª categoría	Memoria de candidatura: ANEXO IV	Memoria de candidatura: ANEXO V
- Duplicado de resolución de alta en réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos actualizado, no caso de persoas físicas - Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente, no caso de persoas xurídicas		Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estaren obrigadas
Certificado de situación censual expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria		

Todos os anexos estarán dispoñibles para a súa descarga na páxina web do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña (<https://emprego.dacoruna.gal/>) e, así mesmo, na plataforma de tramitación telemática Subtel na propia convocatoria PEL-EPR PREMIO 2019.

Non se aceptarán memorias que superen as 7 páxinas de extensión a tamaño de letra 11, nin aquelas presentadas fóra do prazo de presentación establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxa ausencia non poderá ser emendada. Na memoria deberá incluírse o enlace a un vídeo de candidatura, aloxado en calquera plataforma dixital de reprodución de vídeo ou na propia web corporativa, de duración non superior a 3 minutos, no que se expoñan a idea de negocio e os motivos polos que a candidatura en cuestión resulta merecedora do galardón.

### Fase de concesión

O premio concedido farase efectivo nun único pago logo da presentación por parte das candidaturas gañadoras da seguinte documentación:

Pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as	Concellos	Asociacións empresariais
Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar á Deputación provincial da Coruña	Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar á Deputación provincial da Coruña	Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar á Deputación provincial da Coruña
Dispoñible en <a href="https://www.dacoruna.gal/files/3414/1578/0654/Formulario-ALTA-Registro-de-Terceros-DIPUTACION-REV-CONTABILIDAD-03-02-2014.pdf">https://www.dacoruna.gal/files/3414/1578/0654/Formulario-ALTA-Registro-de-Terceros-DIPUTACION-REV-CONTABILIDAD-03-02-2014.pdf</a>		
Declaración das axudas recibidas en réxime de minimis: ANEXO VI		Certificado acreditativo do número de socios/as á data de publicación da convocatoria no BOP

No caso de que o impreso de comunicación de datos bancarios obrase xa en poder da Deputación da Coruña e, sempre e cando non sufrira ningunha variación, non será necesaria a súa presentación. Nos supostos de imposibilidade material de obter por parte da Deputación da Coruña o documento, esta poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma suporá a súa aceptación no proceso de valoración e selección. Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as candidaturas presentaranse de forma telemática, a través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/>. A presentación de toda a documentación realizarase a través da dita plataforma e de xeito telemático. En todo caso, se terán por non presentadas aquelas candidaturas rexistradas en formato papel.

Así mesmo, non se admitirá máis dunha candidatura por entidade. Segundo as bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación Provincial da Coruña, considéranse unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

No caso de que a Unidade Xestora, durante a revisión das candidaturas presentadas, detecte calquera deficiencia na documentación aportada, realizará requirimento ao solicitante, para que a subsane a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e de 10 días hábiles desde a dita aceptación para a emenda da documentación requirida.

Mediante resolución da Presidencia declararase o descarte daquelas candidaturas que non se axusten ao establecido nas bases ou que non teñan emendado as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

## **7. SELECCIÓN DE CANDIDATURAS GAÑADORAS E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.**

Para a selección das candidaturas gañadoras, establecerase un xurado formado por persoas expertas en diferentes campos relacionados cos ámbitos da empresa, o emprego e a Administración:

O xurado estará formado por:

- Dous representantes da Deputación da Coruña: o Presidente da entidade provincial e o Xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego ou persoas nas que deleguen.
- Dous representantes das Cámaras de Comercio con ámbito territorial na provincia da Coruña.
- Dous representantes do ámbito universitario da provincia da Coruña vinculado aos eidos da empresa e da innovación.
- Un/unha representante de asociacións, federacións, confederacións de empresarios/as con presenza na provincia da Coruña.
- Un/unha empresario/a con dilatada experiencia no eido empresarial e de recoñecido prestixio na provincia da Coruña.

A composición do xurado e a designación dos seus membros, será aprobada por Resolución da Presidencia.

O Presidente da Deputación da Coruña ostentará a Presidencia do xurado. En caso de ausencia deste, a presidencia será exercida polo membro de maior idade. Así mesmo, o Xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, ou persoa na que delegue, exercerá a Secretaría do mesmo.

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante a comparación por parte do xurado das candidaturas presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación dos citados criterios.

Os acordos do xurado adoptaranse por maioría simple. No caso de empate entre candidaturas procederase a unha nova votación, na que só se terán en conta as candidaturas que obtiveran a mesma puntuación. Se o empate persistise trala

segunda votación, o Presidente do xurado decidirá mediante voto de calidade. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

## 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS.

As candidaturas serán analizadas e puntuadas polo xurado baseándose nas memorias presentadas e nos criterios de valoración especificados a continuación.

Todos os apartados da memoria deberán facer referencia ao momento temporal de presentación da candidatura, con excepción daqueles nos que especifican o período de tempo ao que se refiren.

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de 100 puntos como máximo.

### 1.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL NOVA

– PRESENTACION DA EMPRESA: IDEA DE NEGOCIO E PROXECTO EMPRESARIAL: máximo 30 puntos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Idea de negocio orixinal e creativa (Máximo 10 puntos)	Idea orixinal	5
	Idea creativa	5
Diferenciación e posicionamento da empresa respecto da competencia (Máximo 5 puntos)	Breve explicación da diferenciación nos produtos, servizos e/ou procedementos respecto da competencia, nicho de mercado ao que se dirixe, cota de mercado, etc.	5
Xeración de emprego de calidade: porcentaxe de contratacións indefinidas sobre a cifra total de empregados/as (Máximo 10 puntos)	Entre o 25% e o 49% do persoal ten contrato indefinido	3
	Entre o 50% e o 74% do persoal ten contrato indefinido	5
	Entre o 75% e o 99% do persoal ten contrato indefinido	7
	O 100% do persoal ten contrato indefinido	10
Capacidade de expansión (Máximo 5 puntos)	Capacidade de expansión local	1
	Capacidade de expansión provincial	2
	Capacidade de expansión rexional	3
	Capacidade de expansión nacional	4
	Capacidade de expansión internacional	5

– GRAO DE INNOVACIÓN: máximo 40 puntos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Principais investimentos da empresa en innovación (Máximo 10 puntos)	Porcentaxe de gasto en innovación sobre o gasto total da empresa	4
	Patentes rexistradas	3
	Participación en redes de networking	3
Desenvolvemento de produtos, servizos e/ ou procedementos innovadores (Máximo 12 puntos)	Desenvolvemento de produtos innovadores	4
	Desenvolvemento de servizos innovadores	4
	Desenvolvemento de procedementos innovadores	4
Comercio electrónico (porcentaxe de compras e vendas electrónicas) (Máximo 10 puntos)	Porcentaxe de compras electrónicas sobre o total de compras	5
	Porcentaxe de vendas electrónicas sobre o total de vendas	5
Participación en actividades formativas e/ou programas públicos de apoio ao emprendemento, redes de mentoring, orientación, etc. (Máximo 8 puntos)	Denominación e breve explicación dos programas e actividades nos que participou	8

– IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL: máximo 20 puntos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Medidas sociolaborais de RSE implantadas pola empresa (Máximo 10 puntos)	Medidas implantadas para a conciliación da vida laboral e familiar	5
	Accións de formación levadas a cabo pola empresa para o seu cadro de persoal	5
Medidas medioambientais de RSE implantadas pola empresa (Máximo 10 puntos)	Realización de actividades para a preservación do medio ambiente	5
	Apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos de sensibilización medioambiental	5

– VÍDEO EXPLICATIVO DA CANDIDATURA: máximo 10 puntos

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Enlace ao vídeo de candidatura [duración máxima: 3 minutos] (Máximo 10 puntos)	Explicación da idea de negocio, motivos polos que a candidatura merece ser gañadora, etc.	10

2.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL CONSOLIDADA

